



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingua de signos española

Materia	Lingua de signos española			
Código	V01G160V01913			
Titulación	Grao en Estudos de Galego e Español			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Lingua española			
Coordinador/a	Baez Montero, Inmaculada Concepción			
Profesorado	Baez Montero, Inmaculada Concepción Fernández Soneira, Ana María			
Correo-e	cbaez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Introducción á lingua de sinais española: aspectos gramaticais, socioculturais e históricos			

Competencias

Código	Descrición
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que o estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C1	Dominar a comunicación cos e coas falantes das linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais, desenvolvendo a capacidade de comprensión e expresión oral e escrita, con tolerancia cara á diversidade social e cultural como resultado de defender os dereitos fundamentais de igualdade social, de xénero, de raza e de orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
C3	Abarcar os fundamentos teóricos e aplicados que ofrecen os diferentes paradigmas lingüísticos, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas española, galega e lusófona nos seus distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
C4	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüística e literario
C5	Dispoñer dos coñecementos necesarios para a comprensión, análise, desenvolvemento, avaliación e aproveitamento dos recursos lingüísticos e literarios para o futuro profesional
C6	Argumentar os temas e os textos obxecto de estudo de acordo coas convencións académicas, achegando probas e servíndose dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente dos orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
C8	Formular razoamentos críticos nos ámbitos de estudo lingüístico e literario a fin de adquirir métodos sólidos de análise, que transcendan a simple aproximación intuitiva ás linguas e aos textos obxecto de estudo.
C9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais en español e en galego, formulando hipóteses cunha metodoloxía apropiada para transmitir ideas eficaces, de acordo coas convencións académicas, e argumentando os razoamentos expostos.
C10	Ser capaces de apreciar outras culturas e expresións artísticas e competentes para sensibilizar o medio propio na apreciación da diversidade intercultural. Explorar ademais as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

C11	Mostrar sensibilidade cara ás achegas feitas polas mulleres á literatura e á cultura española, galega e portuguesa nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. Entender as funcións do canon, a súa formación e os seus axentes, e valorar as exclusións que xera, por exemplo, a exclusión dos textos de escritoras, particularmente nos diferentes ámbitos xeográficos e culturais das linguas galega e española.
C12	Posuír unha conciencia crítica ante mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe
C13	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación
D1	Que o estudiantado demostrase posuír e comprender coñecementos dunha área de estudo que parte da base da educación secundaria, que se adoita atopar nun nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
D2	Que o alumnado saiba aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou a súa vocación dunha forma profesional, e posúa as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
D3	Que o alumnado teña a capacidade de reunir e interpretar os datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre os temas destacados de índole social, científica ou ética.
D4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
D5	Que o alumnado desenvolvese aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Integrar aspectos vencellados á lingua, à comunidade e á cultura xordas na súa maneira de ver o mundo.	A2 A3 A4	C1 C3 C6 C8 C10 C11 C12	D1 D2 D3 D4 D5
Coñecer a historia da comunidade xorda no estado español	A3 A4	C1 C8 C10 C11 C12	D2 D3
Analizar e valorar as etapas históricas e as metodoloxías empregadas da educación dos xordos	A2 A3 A4	C1 C3 C5 C8 C10 C13	D2 D4
Analizar os principios de construción dunha lingua viso-xestual e as principais características gramaticais da LSE.	A2 A4 A5	C3 C4 C5 C6 C8 C9	D2 D3 D4
Aplicar as vantaxes da LSE na comunicación	A2 A5	C1 C5 C6 C8	D2 D4 D5

Contidos

Tema	
1. Introducción	1.1. Comunidade xorda 1.2. A lingua de signos española como lingua natural
2. Lingua de signos e educación	2.1. Historia da educación 2.2. Educación bilingüe
3. Gramática da lingua de signos española	3.1. Significante e significado dos signos 3.2. Estructura interna dos signos 3.3. Combinación de signos 3.4. Significado e pragmática
4. Aspectos sociais e culturais da lingua de signos española	4.1. Persoaxes históricas 4.2. Institucións, grupos de investigación, etc. 4.3. Manifestacións culturais da lingua de signos española: 4.3.1. Videoblog, signoblog 4.3.2. Poesía, teatro, contacontos en lingua de signos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Titoría en grupo	2	4	6
Debates	6	24	30
Estudo de casos/análises de situacións	6	6	12
Sesión maxistral	12	0	12
Presentacións/exposicións	8	32	40
Traballos de aula	4	4	8
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	8	32	40

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Nestas horas farase unha explicación do programa, das metodoloxías docentes e da avaliación que fará ao longo do curso.
Titoría en grupo	Estas horas empregaranse para preparar cos alumnos os debates, as presentacións que teñen que facer na aula e resolver as dúbidas que poidan xurdir no desenvolvemento da materia.
Debates	A partires de lecturas que farán os alumnos sobre os contidos da materia, faranse nas clases debates semidirixidos.
Estudo de casos/análises de situacións	Reflexión e argumentacións sobre unha situación plantexada pola profesora en relación cos contidos da materia.
Sesión maxistral	Explicación dos contidos teóricos da materia.
Presentacións/exposicións	Os alumnos terán que facer presentacións orais sobre os diferentes contidos da materia.
Traballos de aula	Participación nas tarefas de aula propostas polas profesoras sobre as linguas e a lingua de signos española.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Os alumnos terán que facer un portafolio coas súas mellores tarefas e unha descripción do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Estas horas adícanse a resolver as dúbidas dos alumnos sobre os contidos da materia, sobre os traballos que teñen que presentar na aula e dos traballos que teñen que facer de forma autónoma.
Presentacións/exposicións	Estas horas adícanse a resolver as dúbidas dos alumnos sobre os contidos da materia, sobre os traballos que teñen que presentar na aula e dos traballos que teñen que facer de forma autónoma.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Estas horas adícanse a resolver as dúbidas dos alumnos sobre os contidos da materia, sobre os traballos que teñen que presentar na aula e dos traballos que teñen que facer de forma autónoma.

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Debates	Participación nos debates propostos polas docentes ou polos compañeiros da clase. Avaliarase a presentación didáctica, a participación activa e a argumentación axeitada non so do alumno director do debate senón tamén as contribucións ao debate dos compañeiros presentes. Farase un debate no inicio dos principais temas.	20	A2 C1 D2 A3 C6 D3 A4 C8 D4 C9 C12

Presentacións/exposicións	Os alumnos terán que facer presentacións vencelladas aos debates e presentacións con análise dos contidos de lecturas feitas polos alumnos. Deberán: 1. Mostrar a súa aprendizaxe individual por medio de textos escritos e de presentacións orais breves e semidirixidas. 2. Expor de forma didáctica polo menos dous subtemas do temario. 3. Responder ás preguntas dos compañeiros e das profesoras.	50	A2 A3 A4	C1 C3
Traballos de aula	Avaliarase a asistencia as aulas e a participación activa nas tarefas propostas.	10	A2 A3 A4	C1 C3
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Co gallo de mostrar os seus avances en aprendizaxe significativa e reflexiva, os alumnos deberán presentar un portafolio final coas súas mellores tarefas e a descrición do proceso de aprendizaxe fóra da aula (diario de aprendizaxe). Valorarase que teñan todas as actividades feitas (80%), a redacción (10%) e a reflexión sobre a aprendizaxe (10%)	20	A2 A3	C1 C3

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continua. Os alumnos teñen que asistir, alomenos, ao 80% das aulas para a modalidade presencial.

A non entrega de todas as actividades propostas polas profesoras impedirá que os alumnos poidan acollerse á avaliación continua.

2ª edición das actas

os alumnos que non se acollan á avaliación continua terán dereito a unha proba final na data oficial establecida polo centro.

Bibliografía. Fontes de información

BÁSICA

CNSE (2010): *Diccionario normativo de la lengua de signos española*, Madrid, Fundación CNSE.

CNSE (2012): *Estudios sobre la lengua de signos española. III CONGRESO NACIONAL DE LENGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA: Hacia la normalización de un derecho lingüístico y cultural*, Madrid, UNED.

FESORD (2000): *SignoLingüística. Introducción a la lingüística de la L.S.E.*, Comunidad Valenciana, Fundación Fesord.

Herrero, Ángel (2009): *Gramática didáctica de la lengua de signos española (LSE)*. SM / Fundación CNSE.

Martínez Sánchez, Francisco et al. (2000): *Apuntes de Lingüística en Lengua de Signos Española*, Madrid, CNSE.

Rodríguez González, Mª Ángeles (1992): *Lenguaje de signos*. Madrid, CNSE / Fundación ONCE.

COMPLEMENTARIA

Brentari, Diane (ed.) (2010): *Sign Languages*, Cambridge University Press.

Domínguez, Ana Belén y Pilar Alonso (2004): *La educación de los alumnos sordos hoy. Perspectivas y respuestas educativas*. Málaga, Aljibe.

Escandell Vidal, Victoria (coord.) (2009): *El lenguaje humano*, Madrid, Editorial Universitaria Ramón Areces.

Jarque, Maria Josep (coord.) (2012): "Las lenguas de signos: su estudio científico y reconocimiento legal", en *Anuari de Filologia. Estudis de Lingüística* 2/2012, Universitat de Barcelona, pp. 33-48. Número monográfico "Lenguas de signos".

Morales López, Esperanza (2000): "Lingüística de las lenguas de signos: perspectiva histórica", en Hernández Sacristán, C. & M. Veyrat: *Lenguaje, cuerpo y cultura*, Valencia, Universidad de Valencia, pp. 125-142.

Moreno Cabrera, Juan C. (2013): *Cuestiones clave de la lingüística*, Madrid, Síntesis.

Recomendacións